

XIV FESTA do VINHO TINTAFEMIA



30 de Xuño, 1 e 2 de Xullo
Santa María de Cela

PREGÓN FESTA TINTA FEMIA 2016

Moi boas a todos e benvidos a esta nova edición da festa do viño Tinta Femia, despois de estos sete anos de parón o noso viño, o viño de Cela, o viño do Morrazo, volve a vestirse de Gala para reivindicarse como o excelente caldo que é.

E boa falta que fai por que ben o merece!!

O caso e que Fernando lioume para dar o preghon e despois de insistir e andar detrás de min, conseghiu meterme a bordo, e aquí me tendes... xa lle mandei media botella para soltar un pouco a lingua... porque xa sabedes que a min dáseme moito mellor debuxar que falar... pero bueno, ímoslle dar pa diante!!

Eu nacín en Bueu, concretamente en Pitis, e dende neno vas descubrindo e aprendendo pouco a pouco moitas cousas que van conformando a túa personalidade e identidade.

Os días de verán eran os mellores para descubrir e explorar toda a contorna e así ghustábame andar polo penedo ata as praias de Pescadoira e Loureiro, pescar lorchos e serráns, coller camaróns e chocos co ghallapán, o meu pai ensinome a preparar aparellos como a lañeira para ir as necoras e teño botado horas e horas de pedra en pedra detrás delas... caghonomundo moitas púas de ourizo teño sacado dos pes!

Outros días, subíamos polas Means para ir facer as cabañas ou acarrexar leña para a fogheira de San Xoán, e colliamos camiños descoñecidos que non sabíamos a onde nos ían levar, un día acababas a tarde no Outeiro, outro día no Viso, outro na Barraca outro no Torron. Cada vez queríamos chegar máis e máis lonxe. Así foi como fun descubrindo Cela e os seus carreiros plagados de maceiras, pesegheiros, nespereiros, ameixeiras, pereiros... e como non de videiras.

Ao chegar agosto aquelas videiras empezaban a estar carghadiñas de uvas, uvas que ían madurando co paso dos días. Uvas grandes e doces, uvas máis pequenas e brancas, e entre todas elas había unhas tintas pequeniñas máis ácidas, esas para nós eran as favoritas.

Tinta Femia rapás!! Colle un rasimo!!...

Pasaron os anos e xa de chavales o viño tinta femia foi aparecendo, nas xuntanzas cos amighos, comidas, ceas, sardiñadas, churrascadas, sempre viñan os de cela carghados a plan presumindo do viño da casa!!

Eu traio catro botellas, eu catro máis! Proba deste!! Proba de aquel! Proba de aquel outro... Mira maruxiñaaaaa mira mira como veñoouoooo!!!

Aquel viño era bravo, pero carallo, como justaba!!

Anos mais tarde coñecín a Mari, a que hoxe é a muller da miña vida, unha rapasa do cabodarriba, neta de Camilo Carballo, colleiteiro do Burgho

con estrela Michelin e fan incondicional desta festa, non fallaba un ano!

Mari si que sabe de Tinta Femia carallo, xa de pequena probaba o viño directamente do chorro da laghareta!!

DARLLE UN TRAGO – Esta vai por usted Camilo!!

O viño hai que masticalo dicía Camilo... Eu pensaba para min, onde vai que o traghei... Xa non teño nada que mastigar!!

Agora, coa miña familia de Cela non falta un vaso de viño cada día na comida... e cando hai moita sede dous ou tres!!

Este prezado produto non existiría sen o traballo e a dedicación da xente de Cela que ao longo do ano poda, ata, abona, sulfata, volve a podar, volve a sulfatar, vendima, acarrexar, despalilla, estruja, fermenta, macera, trasiega, clarifica, embotella, destila...

Ai amighiño!! A beber viño apuntase calquera, o carallo e para dar sulfato!!

Eu ei de recoñecer que tamén son máis de bebelo que de sulfatalo!

Pero o tema do sulfato agora complicouse de carallo, aghora hai que faser un master, e mándanche de erasmus a Zamora ou a León!!

Agora cando van a leira en vez do leghon levan a carpeta cos apuntes, para repasar.

Aí os ves, paresen os da serie “al salir de clase”.

-Oes Hermindita!! Aprobaches o examen de fitosani??

-Que va tia, a min o profe colleume mania!!

O outro día aínda escoitei unha conversación entre dous chavellos.

Un lle decía ao outro:

-Oes que che deu a regra de tres? Despejaches a X?

E dende a ventana da casa a muller do outro dixolle:

-A X a X, primeiro ten que despejar el a cabeza, que plimploulle unha botella de viño na comida!!

Que si ghuantes, que si ghafas, que si funda, que si mascarilla e todo homologado.

Cando terminan de vestirse xa non saben se ir a sulfatar ou ir a pedir choio na NASA!!

E que conste que toda protección e boa pero con toda a cacharrada que hai que levar a viña, se un día deixas atrás un ghuante, xa che aparese aghochado detrás dun fento o inspector da xunta e ZASCA!! Reseta!!

E como ben sabedes onde hai viño hai viño hai alegría, así que para nós, as xuntanzas nas bodeghas, os furanchos e tabernas, arredor dunhas botellas de Tinta Femia son sinónimo de festa e diversión.

CON VIÑO, E TOUSIÑO, non pasa frío ningún vesiño!!

Ou os tres vellos nunha bodega reflexionando sobre o futuro:

-Eu cando morra quero que me enterren.

-Eu quero que me incineren.

-Bueno carallo bueno, a min que me embotellen!!

Ou aquel furancheiro que está collendo nota e os da mesa van pedindo:

-Eu branco.

-Eu tinto.

-Eu clarete.

-Ten Sprite?

-Spray? Spray de que? Do das moscas?

Arredor do viño tamén hai moitas cantigas e eu metolle un tuneo ao meu xeito:

Fun a taberna do meu compadre,
fun polo vento e vin polo aire,
e como cousa de encantamento,
paroume un axente,
sople aquí un momento!!

O que e certo e que os furanchos son dignos de analisis, e se algun día se convertisen nunha franquicia hai cousas que non deberían faltar.

-O Loureiro no poste da luz, resalta mais que cincuenta neons xuntos!

-O tendal coas sábanas no patio de afora

-O ule de flores ou de cuadriños.

-A ghoma para encher cando se embotella.

-Un funil XXL, e outro L ou M pa trasbases mais pequenos.

-O calendario da churrasqueria Canducho "Coa foto de dous ghatos metidos nunha cesta".

-A caixa de ghasiosas "Xiada" ou "La Pitusa", para estraghar o viño.

-A cortadora de fiambre de manivela, para preparar os pinchos.

E cando ves de recorrer uns cantos furanchos xa te fas unha idea de cómo funciona cada un deles... e escoitas cousas como...

O furancho do Santiagho,
se lle mandas sete cuncas,
tes toda a noite o parking pagho.

O furancho de Heriberto,
non lle chega con ter parking,
que ata ten un helipuerto

Hai unha bodegha en Pousada,
que alí dentro manda ela,
o home alí non manda nada.

Hai un viño en Sabarigho,
que de tanto que bebes,
anchéache o ombligho.

Na taberna do Igrexario,
quen digha que o viño é malo,
cólghamolo do campanario.

Nunha taberna do Torrón,
modernisaron o sistema,
e sirveche o viño un Dron.

Nun furancho do Beloso,
entras feito un vello,
e saes feito un moso.

Hai un furancho en agrelo,
que entras calvo,
e saes con pelo.

Hai un viño en Castiñans,
que van bebelo,
ata os ghatos e os cans.

Hai un furancho en Lapamán,
iso si que é lujo e derroche,
mentres ti tomas o viño
eles aspiran e lávanche o coche.

No furancho do PP,
o viño ruin sírvencho en A,
e o bo sírvencho en B.

Nun furancho de Podemos,
dun día para outro,
o viño veuselle a menos.

Esta nosa uva tinta femia, que medra en vides encaramadas nas pendentes e ladeiras, que bebe de milleiros de regatos, que respira o salitre da ría que lle achega o vento do noroeste e deitase co sol enriba da Illa de Ons, esta uva que compite con fentos e herbas para sair adiante, esta uva é a que nos agasalla cun viño fresco e complexo, de corpo lixeiro e de chispeante acidez, viño salvaxe e diferente, enerxético, un viño de carácter atlántico que é puro nervio. O TINTO FEMIA.

A este viño, orgullo e paixón dos colleiteiros e a toda a xente que co seu esforzo e traballo manteñen viva esta variedade, vai adicada esta festa. E recuperando os famosos vivas que sempre se deron nas festas neste adro:

VIVA O TINTO FEMIA!!

VIVA CELA!!

VAI POR VOS!!!



COMUNIDADES MORRAZO

*Administración de Fincas
Gestión de Comunidades*

**Avda. Marín 23 1º Izda - 36940 CANGAS
(Pontevedra) Telf y Fax 986 30 22 21**

E- mail: administracion@comunidadesmorrazo.com